

CV25011

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de San Cristovo de Cea para a execución da actuación de "Posta a punto da estación depuradora de auga residual de San Cristovo de Cea (Ourense)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027

1. Antecedentes

O Concello de San Cristovo de Cea ten atribuídas as competencias en materia de saneamento e depuración de augas residuais, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, nos termos establecidos na lexislación autonómica.

Neste sentido, os artigos 80.2 l) e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e os artigos 5 e 27 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúen ás entidades locais, agás que o servizo estea declarado como de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para a prestación do servizo de tratamento de augas residuais, así como para a elaboración de proxectos de obras e a execución das correspondentes infraestruturas que non estean declaradas de interese da Comunidade Autónoma.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de San Cristovo de Cea que permitan definir as actuacións necesarias para a posta a punto e en marcha da Estación Depuradora de Augas Residuais de San Cristovo de Cea, de maneira que se garanta o cumprimento dos límites de vertedura.



3. Necesidade da colaboración, razón de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Na actualidade, a EDAR existente en San Cristovo de Cea presenta moitas deficiencias debido a que se atopa parada desde hai aproximadamente 10 anos, polo que é necesario corrixir ditas deficiencias para conseguir unha posta a punto e en marcha eficiente. Por tanto, o obxectivo do proxecto é a definición das actuacións necesarias para a posta en marcha da dita EDAR de maneira que se garanta o cumprimento de límites de vertedura.

A execución da presente operación serve para satisfacer necesidades públicas de carácter hidráulico primario, figurando á súa vez dentro dos fins institucionais e no ámbito competencial da entidade pública Augas de Galicia, de acordo coa súa programación hidráulica, e máis concretamente contemplase na medida ES014.02.0336.01 do Programa de medidas do Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.

Ante esta situación, as partes consideran necesario establecer una fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a un millón trece mil novecentos trinta e tres euros con sesenta e seis céntimos (1.013.933,66 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Exercicio	Importe
2025	500,00 €
2026	154.794,66 €
2027	858.639,00 €
Total	1.013.933,66 €

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán o seguinte financiamento:

a) o concello achegará o 20% do custo total das actuacións obxecto deste convenio para as anualidades 2026 e 2027, que ascende a douscentos dous mil seiscientos oitenta e seis euros con setenta e tres céntimos (202.686,73 €).

b) Augas de Galicia achegará o 80% do custo total das actuacións obxecto deste convenio para as anualidades 2026 e 2027, ademais dos 500 euros da anualidade 2025 que financiará integramente e que van destinados ás actuacións de comunicación, o que ascende a oitocentos



once mil douscentos corenta e seis euros con noventa e tres céntimos (811.246,93 €), distribuído entre as modalidades 1510 (gasto non elixible) e 1020, 3020 e 4280 (gasto elixible), tal e como se indica nos apartados c) e d) seguintes.

c) o gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos e das actuacións de comunicación, e financiarase da seguinte forma:

transferencia finalista do concello	202.686,73
FCA, canon de auga	1.851,34
total do gasto non elixible	204.538,07

d) o gasto elixible financiarase pola Unión Europea, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante unha transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), nun 60%, no marco da intervención 6872_Investmentos en servizos básicos en zonas rurais, do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 (Subintervención 6872_05 Augas. Abastecemento e saneamento).
- Pola Xunta de Galicia nun 28 %.
- Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 12%.

En todo caso, o concello asumirá o 20% do gasto definitivo derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución, agás dos 500 euros da anualidade 2025 que financiará integramente Augas de Galicia e que van destinados ás actuacións de comunicación), incluídas as variacións económicas, á alza ou á baixa, orixinadas por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos.

Por outra banda, o Concello asume o compromiso económico de pagar 202.686,73 € de acordo co seguinte calendario de pagos:

	Importe
2025	
2026	30.958,93
2027	171.727,80
TOTAL	202.686,73



Para o financiamento deste convenio, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente. Unha vez asinado o convenio, e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica.

O concello realizará o pagamento das anualidades previstas no último trimestre de cada exercicio. No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ás entidades locais lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

As actuacións de referencia están baseadas no estipulado no Plan marco das actuacións enmarcadas no PEPAC 2023-2027 en Galicia e financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da subintervención 6872_05- Augas. Abastecemento e saneamento, previo informe favorable da Autoridade xestión rexional; e no Plan anual de actuacións de Augas de Galicia, no que se dispón a selección de operacións de cada ano en función da valoración obtida segundo a versión vixente dos criterios de selección de operacións do PEPAC e executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, establece as normas que regulan os obxectivos xerais e específicos que deben perseguirse coa axuda da Unión financiada no marco da política agrícola común, os tipos de intervencións e requisitos comúns para que os Estados membros persigan os ditos obxectivos, así como os plans estratéxicos da PAC que deben elaborar os Estados membros, e que establecen as metas, as condicións das intervencións e a asignación dos recursos financeiros, de conformidade cos obxectivos específicos e as necesidades recoñecidas.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

